

UNHA VIAXE AO CORAZÓN DA CREACIÓN MÁIS NOVA



Son un collage de frescura. Poetas, músicos, cartelistas, ilustradores, deseñadores... artistas todos que non pasan dos 30. Teñen en común un enorme talento emerxente que lles vai levar a ser protagonistas dun brillante futuro no universo da creación en Galicia. Son unha escolma de 43 mozos e mozas que este ano gañaron os premios do certame Xuventude Crea, uns galardóns que recibiron nunha gala celebrada o 19 de novembro na CdC.

A día de hoxe, compoñen a fotografía do que vai ser a creación galega máis sólida nos vindeiros anos, a teor da calidade dos traballos que mereceron os premios nesta edición do certame. Hai representantes nas modalidades de teatro, artes plásticas, relato breve, deseño de xoias, carteis, banda deseñada, videocreación, moda, graffiti, poesía e música.

Este grupo de 43 artistas son somentes a punta do iceberg. Por detrás, hai un sólido colectivo de máis de 350 mozos e mozas que nesta edición se presentaron a este certame que convoca anualmente a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para poñer a disposición da mocidade galega unha plataforma de visibilización e dar pulo ás súas creacións. Neste contexto, o director xeral, Ovidio Rodeiro, destacou na gala de entrega dos premios que iniciativas como Xuventude Crea "contribúen ao crecemento persoal da mocidade galega e, por extensión, a mellorar as perspectivas de futuro de Galicia".

Unha pequena representación desta pléiade de persoas premiadas conforma a nosa particular galería de arte, no que quere ser un tributo a todo o colectivo. Vai por vós.



Sheila Pazos é un bó exemplo da utilidade dos premios. Licenciada en Belas Artes e estudante de Deseño de Moda en Pontevedra, leva anos sumando premios neste certame en diversas modalidades. Nesta edición mereceu o 1º premio na especialidade de Moda pola colección Cucú. Conta que Xuventude Crea axudoulle a visibilizar o seu traballo, tanto que agora ten unha galería de arte contemporánea en Santiago, Metro. Quere empregar o diñeiro do premio en tentar crear a súa propia empresa de moda.

PREMIOS

ARTES PLÁSTICAS:

1º Lara Díaz Pintos
2º Lorena Couto Rey
3º Daniel Cerecedo Bretal, Marta Bran
Mención de honra:
Adrián Penido Nuñez

RELATO BREVE:

1º Daniel Barral Calvo
2º Raquel Fernández González
3º Irma Pérez González

DESEÑO DE XOIAS:

1º Alberto Blanco Taboada
2º Sonia Fernández Gandasegui
3º Daniel Rivas Fernández
Mención de honra:
Eva Soto Conde

CARTEIS:

1º Beatriz Ventosinos Candame
2º Lara Esperante Ingelmo
3º Andrés Horacio Bonader Robador
Mención de honra:
Io Morales Sánchez

BANDA DESEÑADA:

1º Xulia Vicente Jiménez
2º Paloma Tarrío Alves
3º José Nuno Martins Pinto Fraga
Mencións de honra:
Cynthia Alfonso Barreiro, Sara Piñeiro Fernández

VIDEOCREACIÓN:

1º Francisco Javier Llinares Barral
2º Miriam Rodríguez Domínguez
3º Nuria Mosqueira Varela

GRAFFITI:

1º Brais Rodríguez Trigo
2º Tirso Paz Sans
3º Adrián Lomba Balea
Mención de honra:
Abraham Caride Fernández

MODA:

1º Sheila Pazos Silva
2º Noelia Taibo Mera
3º Sara Gago López

POESÍA:

1º Charo López Sánchez, Brais González Pérez
2º Ismael Ramos Castelo, Fabián Freijedo Fariñas
3º Lúa Gándara, Olalla Liñares García

MÚSICA:

1º Blue Meth State
2º Cris Román
3º Miguel Alonso e banda

TEATRO:

1º Os Farsantes Teatro
2º Asoc. Cult. Pinchacarneiro Teatro
3º Teatro La Passoire



Brais Rodríguez pensa en aforrar e investir os cartos do premio en material "porque quero facer as cousas ben", resume. El gañou o 1º premio da modalidade de graffiti coa obra titulada *Estilo Salvaxe*, na que mestura elementos clásicos nas tatuaxes, como son os rostros de indias, cun estilo máis moderno mediante técnicas de graffiti. Ten 26 anos, vive na Coruña e realiza encargos de muralismo e ilustración para bares, locais de copas ou mesmo para habitacións infantís. Na conversa fala sobre a pouca valoración do graffiti. E por iso valora que Xuventude Crea poña esta modalidade en pé de igualdade coas demais disciplinas artísticas. "Paréceme increíble que unha administración faga este tipo de promoción de tantas artes", unha reflexión que Brais compartía coa súa nai durante a gala de entregas dos premios. "Aos graffiteiros os premios sempre nos collen por sorpresa".

Cris Román, 29 anos, reparte o seu tempo profesional entre a docencia e a investigación na USC. Está a preparar a súa tese doutoral sobre movementos sociais e por qué protesta a xente. Neste tempos complexos, cabe supor que a laboura é intensa. E como un antídoto para desestresarse, reserva as fins de semana para a música. Canta nun coro lírico, en *Cans de Taberna* e ela sola como cantautora. Esta faceta, máis intimista, é na que se sente máis cómoda e a que ven de facela merecedora do 2º premio de Música de Xuventude Crea. Unha vida a de Cris entre a investigación e a música. "Vaia ollo que tes..." dílle o seu pai, ante a incerteza que albisca no horizonte para ambas profesións.



Paloma Tarrío, 2º premio de Banda Deseñada, é a primeira vez que se presenta a un concurso e conta que o fixo no último momento, animada pola súa amiga Xulia, que mereceu o primeiro premio nesta modalidade. Paloma é da Coruña e estudia Belas Artes en Barcelona. Aínda é moi nova, 21 anos, para ter claro como quere orientar a súa carreira e, de momento, está explorando outras disciplinas artísticas, como o grabado ou a edición de libros. Gustaríalle saír a países como Alemaña ou Francia, para coñecer novas concepcións da arte. Quere adicar o premio a facer un máster para ampliar a súa formación e tamén a algunha viaxe. Remata a breve conversa con este xornal contando que cree que un premio sempre abre portas. "Sirve, imaxina, para darte a coñecer".



Marta Bran sente inclinación pola arte dende moi pequena. É de Santiago pero vive en Pontevedra, onde se licenciou en Belas Artes. Agora, aos seus 28 anos, empeza a ser bastante coñecida e cree que, en parte, é grazas a algúns premios recibidos. "Os premios axudan a creermos e sempre son unha motivación para seguir creando". A súa obra *Candy* fixoa merecedora do 3º premio de Artes Plásticas. Gañar premios supón aparecer en catálogos e esta é unha vía moi útil para ser coñecida por galeristas ou comisarios de exposicións. A Marta, cando menos, abriulle portas. Tanto que participou nunha colectiva no Marco de Vigo e de aí entrou en contacto coa Galería Trinta de Santiago, da que é colaboradora. Agora, a súa meta é dar o salto a nivel nacional, un desafío que a leva a reflexionar sobre "como evolucionar e entrar no circuito da arte, a pesares de estar na periferia".

E mentres todo isto pasa pola súa cabeza, Marta prepara a súa tese doutoral co suxerente título "Extraordinario...facer arte do practicamente insignificante".

Aí está a orixe. Arte, para salvarnos do ordinario.